

Falamos de...

Koha-Bescolares



Que é Koha-Bescolares?



Koha é un dos Sistemas Integrados de Xestión de Bibliotecas máis **avanzados** que existen (e o primeiro desenvolvido con **software libre**) que facilita a xestión de **calquera** tipo e tamaño de **biblioteca**.

Koha-Bescolares é unha versión do Koha orixinal adaptado ás necesidades das **bibliotecas escolares galegas**.

Que vantaxes ofrece Koha-Bescolares?

- É un sistema baseado na **web**; pode utilizarse dende **diferentes sistemas operativos e múltiples dispositivos. Non necesita instalación previa.**
- Permite traballar con **varias pestanas abertas.**
- Proporciona **moitas máis ferramentas** que outros programas de xestión bibliotecaria.
- **Axiliza os préstamos e devolucións** grazas a un sistema de identificación dos fondos mediante **códigos de barras únicos.**
- **Simplifica enormemente o proceso de catalogación derivada,** poñendo a disposición do usuario un catálogo único, no que buscar un rexistro catalográfico e incorporalo á nosa biblioteca é moi sinxelo e rápido.

Que debo saber sobre o proceso de migración?

1. **Os técnicos analizan a base de datos de Meiga.** Están en contacto co responsable da biblioteca (ou outro membro do equipo no que delegue) para resolver calquera dúbida ou cuestión que poida xurdir.
2. Comunícase ao responsable o resultado da análise e se é desexable facer algunha **corrección** nalgún campo da catalogación dalgún rexistro catalográfico en Meiga.
3. Iníciase a colocación dos **códigos de barras** nos **exemplares migrados**.
4. Cando se **cataloga** un **novo exemplar en Koha**, imprímese e colócase:
 - a pegatina coas signaturas no lombo do libro,
 - o código de barras que identifica a ese ítem.


Cando fará a migración o meu centro educativo?

Está prevista a migración das bases de datos de Meiga a Koha-Bescolares dos centros PLAMBE nos próximos cursos. A Asesoría de Bibliotecas Escolares contactará cos centros que van acometer o proceso de migración nas seguintes fases con tempo suficiente para organizar o traballo.


Para saber máis...

Podes atopar máis información sobre Koha-Bescolares na páxina web da Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Se precisas calquera outra aclaración podes contactar coa Asesoría de Bibliotecas Escolares:

 981 546 547

 bibliotecasescolares@edu.xunta.gal



The screenshot shows the website header for 'Bibliotecas escolares de Galicia' under the 'XUNTA DE GALICIA' logo. The main navigation menu includes 'Actualidade', 'ALFIN', 'Banco de experiencias', 'Bibliotecas escolares', 'Documentos de referencia', 'Fomento da lectura', 'Infantil e primaria', 'Secundaria', 'Xestión técnica', and 'Logotipos Bibliotecas Escolares de Galicia'. The 'KOHA - Bescolares' section is circled in black and contains 'Preguntas frecuentes', 'Recursos', and 'Soporte técnico'. The right sidebar features social media links for Twitter, Facebook, and Instagram, all with the handle '@bescolaresgal'. A QR code is located at the bottom right of the page.

